

BOLSAS E PRÁCTICAS:

-Prácticas en Eurojust - ata o 15 de novembro

A Axencia da Unión Europea para a Cooperación Xudicial Penal (Eurojust) abre convocatoria de prácticas para distintos postos. Consulta os requisitos de cada un e inscríbete [aquí](#).

-Prácticas na Empresa Común dos Chips - ata o 18 de novembro

A Empresa Común dos Chips ofrece prácticas remuneradas de 6 meses de duración para persoas tituladas universitarias con distintos perfís: [desenvolvemento de software](#), [comunicación](#), [xestión](#), [administración](#) e [finanzas](#).

-Prácticas 2025 no Tribunal de Contas - ata o 30 de novembro

Aberto o período para solicitar bolsas de prácticas, de entre 3 e 6 meses de duración, en distintos departamentos desta institución europea na súa sede en Luxemburgo. Mira os [requisitos](#).

Consulta todas as bolsas e prácticas abertas na páxina: <https://europedirect.dacoruna.gal/becas/>

VOLUNTARIADO:

-Oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas [aquí](#)

Consulta outras oportunidades de voluntariado na páxina: <https://europedirect.dacoruna.gal/voluntariado-europeo/>

OUTRAS OPORTUNIDADES:

-Cursos tecnolóxicos BEST - ata o 7 de novembro

A organización BEST (Board of European Students of Technology: plataforma de estudantes europeos de tecnoloxía) é unha organización sen ánimo de lucro creada por estudantes que traballa con estudantes. Organiza de maneira regular diferentes cursos para alumnado universitario de tecnoloxía, podes consultar máis información e a lista dos vindeiros cursos [aquí](#).

-MOOC sobre o Corpo Europeo de Solidariedade - ata o 10 de novembro

Aprende todo o que necesitas saber sobre o Corpo Europeo de Solidariedade neste MOOC (Massive Open Online Course) que se celebrará do 11 de novembro ao 6 de decembro de maneira online. Máis información, [aquí](#).

-Virtual career event do Comité Económico e Social Europeo - 20 de novembro

Evento en liña sobre oportunidades laborais para profesionais mozos no Comité Económico e Social Europeo. Terá lugar o 20 de novembro de 10h a 12h (CET). Inscríbete [aquí](#).

-Career Days: Consello da UE - 29 de novembro

Descubre neste evento en liña as oportunidades laborais que che ofrece o Consello da UE, aprende como funcionan os procesos de selección e coñece un pouco máis sobre o ambiente laboral na institución. Será o 29 de novembro ás 9:30h (CET), podes anotarte [aquí](#).

